

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A **CORUÑA-**

ACTA Nº 5-2014 **DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA** **POLO PLENO MUNICIPAL**

- DIA 16/05/2014-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

M^a TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

M^a OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

M^a DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Concelleiros ausentes:

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Intervención

Patricia Fernández Pérez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 16:00 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

2º.- PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS: SOLICITUDE, APROBACIÓN E DECLARACIÓNS

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

O Alcalde presenta a nova interventora titular do concello e agradece a ampla representación a pesar da hora co fin de acadar a inclusión do proxecto no Plan DTC93 polo tanto xustifica a urxencia deste pleno na necesidade de remitir a Deputación Provincial de A Coruña á documentación no prazo que remata o vindeiro luns día 19 de maio, motivada e xustificada a urxencia, o cal tamén consta na convocatoria.

Sendo o Pleno o órgano competente, sométese a votación a urxencia bastando maioría simple: RATIFICASE A URXENCIA da sesión, por unanimidade dos membros presentes (5

BNG, 4 do PSdeG-PSOE e 5 do PP), isto é, 14 de 17 membros que compoñen legalmente a corporación, polo tanto a maioría simple esixida legalmente.

2.- PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS: SOLICITUDE, APROBACIÓN E DECLARACIÓN

O alcalde da conta da proposta que se facilitou aos membros do pleno corporativo.

<<A Deputación Provincial de Coruña remitiu a este concello escrito (con rexistro de entrada neste concello nº. 1988), no que figuran as bases reguladoras do Plan DTC 93 unha Deputación para todos os concellos.

Os concellos poden destinar a cantidade asignada ao financiamento de distintas actuacións nos termos indicados nas bases reguladoras aprobadas polo Pleno provincial o 28/03/2014.

No caso deste concello, nos asignarían ata 154.815,17€.-

Neste concello a proposta presentase unicamente dirixida a execución de unha obra de interese.

O proxecto en cuestión é o seguinte:

- “Saneamento en Outeiro e A Laxe, Taragoña”, redactado pola arquitecta Ana Isabel Piñeiro Esperante, colexiado nº 2242 do COAG, cun valor estimado de 127.946,42, e ive de 26.868,75€, sendo o orzamento total de 154.815,17€.

Incorporado informe da arquitecta da asistencia técnica municipal no que consta a dispoñibilidade dos terreos e autorizacións precisas e que tratase de unha obra completa.

En atención ao devandito informe técnico consta as solicitudes seguintes:

- Consellería de Medio Ambiente - Augas de Galicia.
- Consellería de Cultura - Patrimonio

Emitido informe por D. Adolfo F. Muíños Sánchez sobre a non solicitude nin percepción de achega algunha para os ditos fins.

Vista a memoria económica relativa a actuación, expediuse informe de intervención.

Consta informe de secretaria ao respecto do 15/05/2014.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar no “Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
SANEAMENTO EN OUTEIRO E A LAXE	154.815,17€	----	154.815,17€
T O T A L	154.815,17€	----	154.815,17€

Aprobar o correspondente proxecto técnico.

A) Achegas municipais a outros plans, programas ou convenios

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN | FINANCIAMENTO | ACHEGA PROVINCIAL

OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	DESAGREGADO	APLICADA
---	----	----
---	---	----
TOTAL	---	----

A) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	154.815,17€	---	---	154.815,17€
SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS		---	---	
TOTAL	154.815,17€	---	---	154.815,17€

2º) Aprobar o Plan Complementario no que se inclúen as actuacións que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións das obras ou subministracións:

Denominación	Presuposto

TOTAIS	---

3º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4º) (Só no caso de que exista achega municipal voluntaria)

Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento: **NON HAI**

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.>>

O alcalde engade que constan no expediente as autorizacións requiridas, que son as seguintes:

- 1.- Consellería de Cultura, Educacións e Ordenación Universitaria.- Servizo de Coordinación da Área Cultural.
- 2.- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.- Axencia Galega de Infraestruturas.
- 3.- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.- Augas de Galicia.- Zona Hidrográfica de Galicia - Centro

O alcalde, tras unha breve exposición ao respecto nos termos da proposta, ofrece a palabra e abre o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que están de acordo coa proposta.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, amosa a súa conformance coa proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos 14 membros presentes (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 5 dos do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

Levántase a sesión ás 16:11 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo